

A Avaliación Diagnóstica - en 22 pequenas respostas

1- Que é...?

É unha avaliación de carácter censual sobre as competencias básicas do alumnado

2- Onde se desenvolve...?

En todos os centros que imparten ensino obrigatorio.

3- En que niveis...?

Ao finalizar cuarto curso de Ed. Primaria e o segundo curso da ESO. Como a proba que se vai realizar é a correspondente ao curso 2008/2009 pásase ao alumnado que o curso pasado estaba escolarizado neses cursos. Este ano a maioría están en 5º de EP e en 3º de ESO

4- Que carácter ten...?

Só formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

5- Cal é a súa finalidade...?

O coñecemento da situación do sistema educativo

6- Vanse saber os resultados...?

A nivel individual non, son absolutamente confidenciais.

A nivel global si en catro ámbitos:

- Puntuación do centros por competencia
- Puntuación desagregadas de diversos elementos de cada unha das competencias.
- A media de Galicia en cada una das competencias
- A puntuación media daqueles centros que constitúe o seu mesmo grupo de ISEC.

7- Que competencias se avalían...?

Este ano (o primeiro) só dúas competencias:

A competencia en comunicación lingüística e a competencia matemática.

As outras son: *Coñecemento e interacción co mundo físico, Tratamento da información e competencia dixital, Social e cidadá, Cultural e artística, Aprender a aprender, Autonomía e iniciativa persoal.*

8- En que lingua se vai aplicar...?

Para a avaliación da competencia en comunicación lingüística utilizarase tanto a lingua galega como a lingua castelá, nunha proporción parella no caso da competencia matemática será a lingua galega.

9- Que día se vai aplicar...?

O día 21 de outubro de 2009.

10-Quenes máis están implicados...?

Aparte do alumnado implicado tamén hai cuestionarios para avaliación :

- Do profesorado
- Das direccións dos centros
- Das familias dese alumnado

11- Como son as probas...?

- De lapis e papel e rexistros de audio : **caderniños**
- De contexto, recursos e procesos: **cuestionarios**

12- Que tipo de preguntas teñen os caderniños...?

- De opción múltiple (catro alternativas).
- De resposta construída, totalmente abertas.
- De resposta breve construída (semiabertas).

13- Cantos caderniños hai...?

Dous (A e B) por cada unha das competencias avaliadas cuns 30 ítems cada un deles. Cada alumno fará un dos dous, un por cada competencia.

14- E os cuestionarios que pretenden...?

Recollen información para incorporar á avaliación de diagnóstico elementos de ponderación e equidade dos resultados ofrecidos.

15- Son cuestionarios só para o alumnado...?

Non, tamén se recolle información do profesorado, da dirección dos centros e das familias

16- Canto duran as probas...?

60 minutos para cada unha das competencias e 45 para o cuestionario do alumnado

17- Quen prepara esas probas...?

A administración publicaas uns días antes no portal educativo para que os directores poidan descargalas e imprimilas, deixando a confidencialidade baixo a súa responsabilidade.

18- Quen vai aplicar as probas...?

Mestres do centro que son titores dos grupos seguindo un manual de aplicación proporcionado pola administración.

19- Como vai ser a avaliación das probas...?

Corríxenas mestres do centro que non impartiran docencia a ese grupo de alumnado seguindo un manual para a súa corrección proporcionado pola administración.

20- Que se fai cos resultados e ...?

Existe unha aplicación informática habilitada para tal fin, onde se procederá á introdución dos datos e dos resultados.

21- Como van a saber as familias os resultados...?

Os centros educativos, tendo en conta a información derivada do informe de centro, informará aos pais e nais dos resultados xerais acadados polo seu centro, segundo o indicado **punto 6** no taboeiro do centro e na páxina web do centro

Nunca se proporcionará información individualizada do alumnado

22- E... xa está...?

Non, hai que salientar que para garantir a calidade do proceso realizárase unha avaliación de contraste que farán as inspeccións educativas.

Unha vez realizado ese contraste emitírase o informe do que se vai obter a información que se de ás familias logo a administración poderá tomar decisións sobre os aspectos susceptibles de mellora.